

ADDENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN BIOGA-AGRUPACIÓN INDUSTRIAL TECNOLÓXICA EMPRESARIAL DAS CIENCIAS DA VIDA PARA A IMPLEMENTACIÓN DUN PLAN DE ACTIVIDADES PARA IMPULSAR A COMPETITIVIDADE, A INNOVACIÓN E A TRANSFERENCIA NO TECIDO EMPRESARIAL GALLEGO DO SECTOR BIOTECNOLÓXICO NO PERÍODO 2024-2025

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado para este cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril de 2024 (DOG núm. 73, do 14.04.2024), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada polas leis 11/1988 do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro ; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007 do 27 de xullo , e polo Decreto 73/2022, do 25 de maio , polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio de 2022), e presidente da Axencia Galega de Innovación, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro , polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, Don José Manuel López Vilariño, na súa condición de presidente da Asociación BIOGA – Agrupación industrial Tecnolóxica Empresarial das Ciencias da Vida (en diante BIOGA) con NIF G70259312 e sede na Rúa Murcia, edificio CSIEB, Polígono A Sionlla 3, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en representación desta en uso das atribucións que lle confire o artigo 22 dos Estatutos desta entidade e en virtude da aceptación do cargo de presidente da data 09.06.2023.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar a presente addenda e, para ese efecto,

EXPOÑEN:

I. Que GAIN e BIOGA asinaron o 16 de febreiro de 2024 un convenio para a realización e execución de actuacións que impulsen o papel do sector biotecnolóxico empresarial galego, así como da súa cadea de valor (universidades, centros, empresas, startups...). Deste xeito, búscase seguir potenciando o desenvolvemento da biotecnoloxía, como Tecnoloxía Facilitadora Esencial (TFE), e o apoio aos diversos sectores produtivos de Galicia.

II. Que as actuacións para desenvolver ao amparo do presente convenio están destinadas a: Actuación 1. Custos relativos a servizos externos para o asesoramento e apoio en materia de innovación e Actuación 2. Custos relativos ao funcionamento da agrupación industrial. Detalladas no Anexo I do mesmo.

Así mesmo o convenio prevé un réxime de execución, achegas e pagos que responden o desenvolvemento das citadas actuacións, e que debido á solicitude de modificacións por parte de Bioga, presentada por sede electrónica, con número de entrada 2025/1863649, o día 1 de xullo de 2025, faise necesaria a modificación do anexo I do convenio, coa finalidade de executar adecuadamente a totalidade do convenio, garantindo ademais a eficiencia na asignación dos recursos. Ditas modificacións non afectan o importe total do convenio.

Na súa cláusula décima, o convenio prevé a posibilidade de modificación do seu contido a proposta da súa Comisión de Seguimento, requirindo acordo unánime dos asinantes e formalización na correspondente addenda.

III. Que na reunión da Comisión de Seguimento do Convenio celebrada o 10 de xullo de 2025, e analizado o anteriormente exposto, e co fin de velar por unha correcta execución das accións previstas no convenio, todas as partes manifestan a súa conformidade na modificación das actuacións propostas por Bioga.

Por todo iso, e con esta finalidade, as partes acordan formalizar a presente addenda de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS:

ANEXO I - FICHAS DE ACTUACIÓNS A REALIZAR NO MARCO DO CONVENIO BIOGA - GAIN 2024 – 2025

Modifícase o contido das accións do Anexo I do convenio nos termos que seguen:

Acción 1.2: Apoio para a xeración de proxectos europeos

Debido á necesidade de dar mais apoio á atracción de novos mecanismos de financiamento das actividades da agrupación industrial, amplíase esta acción nos seguintes apartados:

- Inclúese no apartado de indicadores cuantitativos:
 - A implementación no clúster dunha plataforma de scouting internacional que proporciona análise de datos sobre empresas emerxentes, financiamento e tendencias de mercado.
- Inclúese nos entregables:
 - Dossier de execución da plataforma de scouting internacional, coa análise de datos sobre a identificación de oportunidades de financiamento para as pemes participantes nas actividades de dinamización.

Acción 1.3: Apoio na transferencia para o fomento do Bioemprendemento

A tarefa inicialmente prevista estaba centrada no deseño dunha metodoloxía de acompañamento á transferencia e creación dunha comunidade experta. Aínda que resultaba estratéxica, presentaba dificultades para a súa execución nun prazo e cuns recursos axustados, dado o seu carácter estruturante e a dependencia de múltiples axentes externos (centros de I+D, investigadores, oficinas de transferencia...). En lugar desta aproximación máis metodolóxica e a medio prazo, propóñense unha nova tarefa de maior impacto inmediato e máis aliñada coas necesidades actuais do ecosistema galego de bioemprendemento.

- As tarefas da acción 1.3 quedan redactadas da seguinte forma:

- Detección de proxectos con capacidade de transferencia a mercado que poidan ser acelerados a través deste servizo ou doutras convocatorias como IGNICIA, en coordinación cos xestores dos centros.
- Execución das primeiras etapas da iniciativa "Galicia, Polo de atracción de talento, spin offs, startups, empresas, grandes corporacións e investigadores biotech a nivel nacional e internacional":
 1. Análise de situación e ecosistema: Definición do perfil do talento e capacidades a atraer ou fomentar e definición dos criterios de selección.
 2. Plan de Captación: Definición da proposta de valor e plan de comunicación e accións para a captación.
- No marco dos impactos cualitativos esperados, inclúese:
 - Intensificar os mecanismos de bioemprendemento para a creación de startups e empresas biotecnolóxicas.
- Os entregables da acción 1.3 quedan redactados da seguinte forma:
 - Dossier de implementación da iniciativa Galicia, "Polo de atracción de talento, spin offs, startups, empresas, grandes corporacións e investigadores biotech a nivel nacional e internacional".

Acción 2.5. Accións para a participación e representación en feiras e eventos de interese do sector biotech no ámbito nacional e internacional

Debido ás modificacións das accións anteriores, fanse necesarias as modificacións das actividades desta acción para dar maior visibilidade ao sector.

- Inclúense as seguintes tarefas na acción 2.5:
 - Organización dun encontro entre axentes da biorrexión galega e outras

biorrección "Galicia Bioevent".

- Accións de conexión co ecosistema de innovación: Participación en foros sectoriais e eventos de matchmaking para conectar talento, empresas, centros de investigación e investidores coa iniciativa "Galicia: Polo de atracción de talento, spin offs, startups e investigadores biotech internacionais". Para 2025 expónse a participación e visibilidade nun encontro entre o sector Biotech e a XVII reunión de a Rede Española de Descubrimento de Fármacos (SDDN) e BioNorth, o congreso de referencia que agrupa biotecnólogos e perfís afíns á Biotecnoloxía no Norte de España.
- Modifícase o orzamento da acción, sen modificar o importe total, quedando da seguinte forma:
 - Servizos externos: 24.000€
 - Persoal: 24.000€

E en proba de conformidade, as partes comparecentes subscriben a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

O presidente da Asociación BIOGA-
Clúster Tecnolóxico Empresarial das
Ciencias da Vida

José Manuel López Vilariño